

DAHOMEY

Mati Diop, 2024

1426

ESTREA EN NUMAX: 13.12.2024 | V.O.S.E. | 67 min

É novembro de 2021 e 26 tesouros reais do Reino de Dahomey están a piques de abandonar París para regresaren ao seu país de orixe, a actual República de Benín. Xunto con outros miles, estes obxectos foron saqueados polas tropas coloniais francesas en 1892. Pero, que actitude adoptar ante a volta a casa destas reliquias nun país que tivo que saír adiante coa súa ausencia? O debate está aberto entre o estudantado da Universidade de Abomey-Calavi.

«Un documental insólito e sensible.
Unha lección de historia audaz e
inolvidable»

Adam Solomons, INDIEWIRE



Entrevista con Mati Diop: «A desaparición de certas culturas é a maneira que ten hoxe de perpetuarse o proxecto colonial»

Por Luciano Monteagudo

Hai un debate en boa parte do mundo acerca da devolución de pezas históricas e arqueolóxicas a aqueles países que foron saqueados. Como é a situación actual en Francia sobre este tema? Non estou segura de que poida darlle unha análise precisa, hai moitos e moi diferentes puntos de vista, entón prefiro falar desde a miña propia perspectiva. Hai moitas maneiras de abordar este asunto: hai unha vella perspectiva colonial, tamén hai unha perspectiva neo-colonial, e estamos aqueles que coma min queremos avanzar contra a perpetuación do colonialismo. A situación está bastante conxelada polo momento porque hai unha lei que debe ser proposta. Hai tres leis sobre temas similares que xa teñen tratamento parlamentario ou esperan ser votadas. Unha é sobre os bens xudeus expoliados durante a Alemaña nazi, que se atopan en coleccións públicas francesas; outra é sobre os restos humanos doutros continentes que están nos museos do meu país e unha terceira sobre os saqueos de pezas arqueolóxicas africanas. As dúas primeiras xa teñen avances parlamentarios, pero a única que aínda está pendente é a terceira, que é a que está a ter maior resistencia e que é a que atinxe ao tema da miña película. Como saben, Francia está a atravesar neste momento un xiro cara á dereita, entre o neoliberalismo e a extrema dereita, polo cal non son moi optimista sobre a evolución desta lei, pero no mundo académico e tamén artístico o debate está a medrar.

Na súa película as estatuas, como a do Rey Ghezo, finalmente falan despois dun soño moi longo e profundo, de máis dun século. Como naceu este concepto tan singular de *Dahomey*? Eu non o definiría exactamente como un soño, senón quizais como un pesadelo. Estas figuras estiveron cativas durante moito moito tempo, foron reducidas á invisibilidade e convertidas en prisioneiras dun museo, encerradas nun espazo de negación, silencio e alienación, que é o que di a figura do Rey Ghezo ao comezo da película. Ao devolver a palabra a estas figuras eu quería restituírlles a súa dignidade. Pero fun moi coidadosa de non converter a estes personaxes en vítimas. Agora teñen unha voz e volven ser actores e narradores do seu destino. Como cineasta, quería devolverlles o seu punto de vista. Quería que volvesen ter a súa identidade, a súa subxectividade, e que deixasen de ser meramente obxectos exóticos de museo. É algo ao que como muller afro-descendente son particularmente sensible: o feito de ser reducida a unha proxección exótica. Coñezo moi ben, na miña propia pel, esa sensación de ser reducida a unha condición de fetiche ou pantasma. Entón ao restituír a voz a estas figuras tamén quería restituírlles o seu poder

Cal é o seu plan de traballo? A miña idea é manterme fiel a unha linguaxe cinematográfica que sexa propia e que comecei a desenvolver nas miñas curtas e na miña longametraxe anterior, *Atlantique*. É unha linguaxe que quero que sexa accesible ao gran público pero sen perder complexidade, que sexa á vez popular pero tamén moi especial. E na medida do posible contribuír a que o cinema de raíz africana gañe visibilidade na paisaxe internacional. A historia do cinema demóstranos que hai ondas que van e veñen e neste devir o cinema africano sempre parece á beira da desaparición. E iso é algo que debemos evitar: debemos loitar para que iso non suceda. Porque sabemos que iso é o que está no corazón dos proxectos coloniais: que outras culturas que non son as culturas centrais desaparezan. No continente africano aínda hai estigmas moi fortes de colonización. E tamén o vemos dunha maneira moi horrible e tráxica hoxe en Palestina: como o proxecto colonial quere borrar toda unha porción de terra do mapa, coa súa xente dentro. A desaparición de certas culturas é a maneira que ten hoxe de perpetuarse o proxecto colonial. E moi cedo decidín poñer o meu cinema ao servizo da loita contra o colonialismo.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Huaco retrato,
Gabriela Wiener.
Random House

El cuadro completo,
Alice Procter,
Capitán Swing

*La más recóndita
memoria de los hombres,*
Mohamed Mbougar Sarr.
Anagrama